





ACTUALIZACIÓN SITUACIÓN METEOROLÓXICA DÍAS 24 AO 27 XANEIRO

Mércores 24 – Xaneiro: As altas presións localizadas sobre a península Ibérica collerán a Galicia no seu radio de acción neste día polo que a estabilidade será predominante. Tempo seco con ceo maioritariamente despexado. Vento escaso de dirección variable, aínda que no litoral atlántico podería predominar o vento sur. Mar de fondo do noroeste, aumentando novamente e superando os 4 metros no litoral o que ocasionará un aviso amarelo.




MeteoGalicia - Xunta de Galicia




MeteoGalicia - Xunta de Galicia

Ventos e correntes previstas para o mediodía do mércores 24 de xaneiro

Xoves 25 – Xaneiro: Galicia atoparase un día máis na influencia das altas presións atlánticas, polo que continuaremos con tempo seco. As temperaturas serán moi suaves e os ventos soprarán do suroeste no litoral atlántico, pero en xeral con escasa intensidade. O mar de fondo continuará chegando do noroeste con ondas de 3 a 4 metros pola mañá, diminuindo pola tarde.



MeteoGalicia - Xunta de Galicia




MeteoGalicia - Xunta de Galicia


Ventos e correntes previstas para o mediodía do xoves 25 de xaneiro



Venres 26 – Xaneiro: As altas presións e a estabilidade atmosférica continuarán sendo as características predominantes do tempo en Galicia. Ausencia de precipitacións e o vento case en calma, cambiando a norte-nordés pola tarde e acadando intervalos de moderado no litoral entre Bares e Fisterra. O mar de fondo tenderá a aumentar a medida que avance o día para quedar entre 3 e 4 metros ao final da xornada.




MeteoGalicia - Xunta de Galicia




MeteoGalicia - Xunta de Galicia

Ventos e correntes previstas para o mediodía do venres 26 de xaneiro

Sábado 27 – Xaneiro: Non se agardan cambios moi significativos nesta xornada na que as altas presións continuarán exercendo o seu dominio. Polo tanto agardamos un novo día de tempo seco e por momentos moi soleado con algunhas nubes de tipo alto. Os ventos cambiarán de novo a sur e soprarán con escasa intensidade. O mar de fondo chegará do noroeste, con ondas de 2 a 3 metros de altura.



MeteoGalicia - Xunta de Galicia



MeteoGalicia - Xunta de Galicia

Ventos e correntes previstas para o mediodía do sábado 27 de xaneiro



Valoración sobre a chegada dos granulados ao litoral de Galicia

Durante os vindeiros días Galicia atoparase nunha situación anticiclónica polo que os ventos serán pouco intensos, con intervalos de calma bastante prolongados. Isto previsiblemente fará que os granulados continúen a dispersarse en mar aberto.

Información sobre as mareas:

Mércores, día 24

A Coruña		
	Hora	Altura
Preamar	03:27	3.5
Baixamar	09:42	1.0
Preamar	15:52	3.3
Baixamar	21:47	1.0

Vigo		
	Hora	Altura
Preamar	03:04	3.4
Baixamar	09:21	0.9
Preamar	15:28	3.2
Baixamar	21:25	1.0

Vilagarcía		
	Hora	Altura
Preamar	03:10	3.4
Baixamar	09:27	0.9
Preamar	15:35	3.2
Baixamar	21:31	1.0

Xoves, 25 Xaneiro

A Coruña		
	Hora	Altura
Preamar	04:07	3.6
Baixamar	10:21	0.9
Preamar	16:29	3.4
Baixamar	22:23	0.9

Vigo		
	Hora	Altura
Preamar	03:43	3.5
Baixamar	09:59	0.8
Preamar	16:06	3.2
Baixamar	22:01	0.9

Vilagarcía		
	Hora	Altura
Preamar	03:49	3.5
Baixamar	10:05	0.8
Preamar	16:12	3.3
Baixamar	22:07	0.9

Venres, 26 Xaneiro

A Coruña		
	Hora	Altura
Preamar	04:42	3.7
Baixamar	10:56	0.8
Preamar	17:02	3.5
Baixamar	22:57	0.9

Vigo		
	Hora	Altura
Preamar	04:19	3.6
Baixamar	10:34	0.8
Preamar	16:40	3.3
Baixamar	22:35	0.9

Vilagarcía		
	Hora	Altura
Preamar	04:25	3.6
Baixamar	10:40	0.7
Preamar	16:46	3.3
Baixamar	22:41	0.8



Sábado, 27 xaneiro

A Coruña			Vigo			Vilagarcía		
	Hora	Altura		Hora	Altura		Hora	Altura
Preamar	05:15	3.8	Preamar	04:52	3.6	Preamar	04:58	3.6
Baixamar	11:29	0.8	Baixamar	11:07	0.8	Baixamar	11:12	0.7
Preamar	17:34	3.5	Preamar	17:13	3.3	Preamar	17:17	3.3
Baixamar	23:29	0.9	Baixamar	23:08	0.9	Baixamar	23:13	0.8

Datos en tempo real:

Meteorolóxicos:

<https://www.meteogalicia.gal/observacion/meteovisor/indexVisor.action>

Océano-meteorolóxicos:

<http://www.intecmar.gal/Plataformas/plataformas.aspx>

Máis información dos modelos:

<https://www.meteogalicia.gal/modelos/inicio.action>